

A nosa Historia

Pais e nais dos alumnos do Colexio Público Castrillón de Coiro querendo ofrecer alternativas culturais aos seus fillos, fundan a Escola Tromentelo, que máis tarde apadriñada pola Banda de Gaitas Xarabal da Universidade Popular de Vigo, é quen de contituirse como a Banda de gaitas Tromentelo que hoxe coñecemos. Ademáis é do propio mestre e director de Xarabal, o mestre D. Antón Corral, de quen recibimos o estandarte.

Primeiramente a dirección da Banda estaba a cargo de Don Xaquín Caamaño e na actualidade por Dona Sara Malvido, membro fundador da mesma. Dende entón, a Banda de Gaitas Tromentelo continúa ascendente, contando na actualidade cunha formación de 32 compoñentes, entre gaitas e percusión, fiel reflexo do seu repertorio popular da tradición musical galega.

O repertorio musical está baseado nas raíces musicais da nosa tradición, contando con pezas de prestixiosos compositores galegos, con arranxos orixinais da propia banda.

Para o seu desenrolo empréganse pezas de artesanía galega: gaitas, tambores, bombos, pandeiretas, charrascos, culleres e pandeiros.

Moitos e variados son os obxectivos que a nosa Banda persegue dende os seus inicios, destacan: a consolidación coma referente exponencial da Cultura Musical Galega e o ser un marco de formación, encontro e apoio, ós case 100 xovenes que anualmente pasan pola Escola de Gaitas Tromentelo.

Na súa extensa traxectoria musical, a Banda de Gaitas Tromentelo é digna representante alí onde vai, da nosa cultura e folclore. En varias ocasións tiveron a honra de representar ó noso Concello en festivais, encontros e exposicións en lugares como: Huesca, Albacete, O Bierzo, Asturias, Málaga, Castellón, Zaragoza e incontables lugares e cidades de Portugal e diversas actuacións en programas de televisión.